



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Segundo exame proceso selectivo de dous administrativos (OEP 2023)

En data 05/02/2025, reunido o tribunal do proceso selectivo de dous administrativos da OEP para o ano 2023, decídese publicar os enunciados do segundo exercicio celebrado o día de hoxe.

O secretario do tribunal

Diego Fortes González



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Pegue aquí o código

Suposto práctico 1 (5 puntos)

O Concello de Betanzos publica no B.O.P., o día 2 de decembro de 2024, o anuncio da convocatoria de axudas sociais destinadas ao persoal funcionario correspondentes ao exercicio 2024.

Dita convocatoria foi aprobada por resolución de alcaldía en data 04/11/2024.

O prazo de presentación de solicitudes é de 9 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no B.O.P.

Novembro 2024						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Decembro 2024						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Cando comeza e cando remata o prazo de presentación de solicitudes? Razona a resposta.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Suposto práctico 2 (10 puntos)

Un veciño de Betanzos sofre unha caída o 25/01/2024 debido a un desperfecto nunha beirarrúa que levaba meses sen reparar. Como consecuencia da caída, o veciño sofre lesións que requiren tratamento médico e unha baixa laboral prolongada, que remata o 05/08/2024. Decide reclamar ao Concello polos danos e prexuízos sufridos.

Preguntas:

1. O cidadán diríxese ao Concello hoxe 05/02/2025 e presenta o escrito de reclamación. A solicitude preséntase dentro do prazo? Cales son as datas de inicio e final do prazo?
2. A solicitude que formula contén: identificación do interesado, identificación dos datos de notificación, os feitos, razóns e petición en que se concreta a solicitude, lugar e data da solicitude, sinatura e órgano ao que se dirixe. Non se achega ningunha outra documentación. Adeoce a solicitude de algún defecto que impida a súa tramitación? Indique o defecto de ser o caso.
3. No caso de que a resposta á pregunta anterior fose afirmativa, cales serían as actuacións a seguir por parte do Concello de Betanzos para continuar o procedemento?



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Suposto práctico 3 (15 puntos)

Un veciño de Betanzos solicita unha licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar o 10 de xaneiro de 2023. A Xunta de Goberno concede a licenza o 10 de marzo de 2023. O orzamento inicial presentado cos gastos incorridos ascende a 130.900 €, e inclúe os seguintes conceptos:

1. Custos dos materiais (50.000 €).
2. Man de obra (50.000 €).
3. Honorarios profesionais (10.000 €).
4. Taxas municipais pola licenza urbanística (2.000 €).
5. IVE dos materiais e servizos (21% sobre o orzamento) (18.900 €).

A obra iníciase o 20 de marzo de 2023 e remata o 13 de setembro de 2024.

O tipo de gravame do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) ascendía ao 2,8% no ano 2023. O 1 de xaneiro de 2024 entrou en vigor unha modificación da ordenanza fiscal reguladora que elevou o tipo de gravame ao 3%.

Responde ás seguintes preguntas.

3.1. Que conceptos integran a base imponible do ICIO para este suposto? A que importe ascende a mesma?

3.2. En que data se devenga o ICIO neste suposto?

3.3. Cal é o tipo de gravame aplicable?

3.4. Indicar os cálculos necesarios para calcular a cota tributaria do imposto.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

Suposto práctico 4 (10 puntos)

Indica o número de capítulo da clasificación económica dos orzamentos dunha entidade local ao que deben imputarse os seguintes conceptos e identifícaos como gasto ou ingreso:

Concepto	Capítulo	Ingreso/Gasto
Subvención percibida para a compra dun vehículo		
Recadación do imposto sobre construcións, instalacións e obras		
Pago dunha gratificación extraordinaria a un empregado público municipal		
Importe da póliza do seguro de responsabilidade civil		
Renda polo uso de local municipal patrimonial por unha entidade privada		
Mantemento do céspede do campo de fútbol municipal		
Subvención a unha asociación de veciños para o mantemento do seu local social		
Subvención percibida para a contratación dun animador cultural		
Cota de amortización anual dun préstamo bancario		
Recadación das liquidacións do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana		